



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Carta Pastoral na CORESMA do 2010

“¡CREA, DEUS, EN MIN UN CORAZÓN PURO” (Ps 50, 12)

Queridos diocesanos:

A Coresma é un tempo especialmente propicio para que dirixamos novamente os nosos pasos polos camiños do noso interior cando estamos invadidos por coidados, inquietudes, expectativas e desexos de todas clases, tan cheos de imaxes producidas polo vivir de cada día. Pídesenos vixilancia e con ela escoitar a voz que nos fala desde o máis íntimo da alma. No fondo non vemos máis nada que a nosa propia imaxe e somos incapaces de percibir a verdade, a beleza e a bondade de Deus.

Ano de Graza, Ano da Gran Perdonanza

Estamos celebrando o Ano Santo Compostelán, Ano de Graza, e Ano da Gran Perdonanza no que percibimos de xeito especial que “onde abundou o pecado sobreabundou a graza” (Rom 5,20). Non podemos entender a misericordia de Deus se non nos situamos ante o pecado e non podemos entender o pecado se non nos pomos ante o Señor pois só así podemos dicir como Pedro: “Arreda de min, que eu son un pecador” (Lc 5,8). Vivir a experiencia da bondade do Señor, da súa paciencia, misericordia, predilección para connosco, fai que nos deamos conta da nosa falta de sinceridade, desgana, preguiza e concupiscencias. Deus ámanos e espera de nós un comportamento de vida auténtico que lle sexa grato. Afastarse deste estilo de vida en xustiza e en verdade, que nos leva a dar gloria a Deus e a preocuparnos tamén do que necesita o noso apoio espiritual e material, inflúe na nosa relación con Deus. O noso pecado é unha ofensa a Deus Pai de quen somos fillos, a Deus Fillo de quen somos irmáns, a Deus Espírito Santo de quen somos templo.

Perda da conciencia de pecado

Descoñecer o que significa o pecado é ignorar o sentido da graza. Deus entrou no mar do noso pecado, de forma que ao seu Fillo Xesucristo “que non tiña nada que ver co pecado, Deus fíxoo pecado por nós, para que nós, grazas a el, nos volvesemos nel xustiza de Deus” (2Cor 5,21), ofrecéndonos a súa misericordia: “de tal xeito amou Deus ao mundo, que lle deu ao seu Fillo Unixénito para que todo o que cren el non se perda” (Xn 3,16). “Cristo rescatounos da maldición da Lei, facéndonos El mesmo maldición polo noso ben” (Gal 3,13). A misericordia restablece a nosa relación persoal con Deus e a obstinación no rexeitamento do amor de Deus leva a condenación eterna. É posible que se perdeu a conciencia de pecado e que non se entenda cal é o seu alcance teolóxico, pero todos dámonos conta de que na nosa sociedade existen comportamentos incorrectos e desviados do camiño do ben e da vida e que discorren polo camiño do mal e da morte, manifestándose nas violencias, as ingratitudes, as ofensas, as humillacións, a soberbia, as prevaricacións... Adoitamos dicir que canto máis nos achegamos á luz, mellor percibimos as propias sombras. En semellanza, canto máis nos penetramos na vida da graza e no camiño da santidad, mellor descubrimos a miseria e a gravidade do pecado. Son moitos os apegos humanos que están



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

ensombrecendo a nosa relación con Deus e que, como sambesugas, están restando forza e vigor á entrega á misión que Deus nos confiou.

Recoñecer o noso pecado

Cómpre, polo tanto, restablecer a nosa unidade interna pois como observa san Paulo, con frecuencia vemos o ben que temos que facer, e facemos o mal que non queremos facer (cf. Rom 7,19-20). Ante isto a actitude é recoñecer a nosa culpa (Ps 50,5), condición imprescindible para pedir ao Señor que se digne perdoala. Non teñamos de ningún xeito a presunción de que vivimos rectamente e sen pecado pois “se dicimos que non temos pecado desvíamonos e non temos en nós a verdade” (1Xn 1,8). O que testemuña a favor da nosa vida é o recoñecemento das nosas culpas. Son incapaces de acoller a salvación de Deus, quen non recoñecen os seus propios pecados e se fixan só nos dos demais. Non buscan o que hai que corrixir neles, senón en que poden ferir aos demais. E, ao non poderse escusar a se mesmos, están sempre dispostos a acusar aos demais. Nada máis lonxe do que nos ensina o salmista cando di: “Eu recoñezo o meu pecado, e teño sempre presente a miña culpa”. “O que así ora non atende aos pecados alleos, senón que se examina a se mesmo, e non de xeito superficial, como quen queda na cortiza, senón profundando no seu interior. Non se perdoa a se mesmo, e por isto precisamente pode atreverse a pedir perdón... ¡Crea, Deus, en min un corazón puro! Para que sexa creado este corazón puro, hai que quebrantar antes o impuro, sentindo o desgusto de nós mesmos cando pecamos, xa que o pecado desgusta a Deus. E, xa que non estamos libres de pecado, polo menos asemellémonos a Deus no noso desgusto polo que a el lle desgusta. Así a túa vontade coincide en algo coa de Deus, despois de que che desgusta o mesmo que odia o teu Facedor”¹. O corazón é a expresión da persoa na súa interioridade e totalidade. É desde dentro dun corazón impuro onde “xorden os malos pensamentos, as fornicacións, os roubos, os asasinatos, os adulterios, as cobizas, as maldades, os fraudes, os desenfreos, as envexas, as blasfemias, a soberbia, os desatinos” (Mc 7, 21-22).

Neste sentido pedimos que o Señor realice unha operación de delicada cirurxía creando en nós un corazón “novo”, sen esquecer que o tratamento posterior e ao longo de toda a nosa vida é non descoidar **a confesión frecuente**, dando grazas a Deus polos dons recibidos, presentándonos ante el con toda a nosa vida, e confiando plenamente en que el nos sanda e nos da novo impulso para seguir peregrinando cara á cidadanía dos santos.

No camiño cara á Pascua, saúdavos con todo afecto e bendí no Señor,

+Xulián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela

¹ SANTO AGUSTIÑO, *Sermón 19, 2-3*; CCL 41, 252-254